





CAMIÑANDO POLA VIÑAS ENTRE CHANTADA E BELESAR

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2018



Distancia: 9 km (ida e volta)


Dificultade: baixa



Unha camiñada circular do Belesar de Chantada ao Belesar de O Saviñao, que se atopa ao outro lado da ponte e é o sitio onde temos que deixar o coche porque é o único lugar que dispón de algo de espazo para aparcar, dando unha voltiña duns 7 ou 9 km seguindo, na ida, un roteiro polo camiño de máis preto do río, aínda que a certa altura, sinalizado, no que imos pasando alternativamente por viñedos e espazos arborados, entre cepas vellas e novas plantacións e bosques mixtos formados por especies das ribeiras (freixos, pradairos, salgueiros,...) e outras propias do ambiente forestal (carballos, castiñeiros, cerdeiras,...) con algúns elementos mediterráneos (érbedos e lidoiros), que nestas datas comezan a amosar as cores coas que se visten no outono, o que axuda a diferencialas, e contribúe a converter a paisaxe nun chamativo mosaico de verdes, amarelos e vermello. Durante o traxecto levamos abaixo o río Miño, encorado nos Peares, e diante e da outra beira do río, nas abas sombrizas, bosques con amplas masas de especies autóctonas e zonas plantadas con piñeiros.



As primeiras cores do outono no Canón do Miño



Vides nos socalcos das abas do Miño

PERCORRIDO:

Comezamos no **Belesar** de Chantada, ao pé da ponte, onde se atopa o panel informativo, e logo só temos que seguir os sinais branco-amarelos por camiños amplos e doados de andar a non ser nuns curtos tramos que se fan polas viñas e outro ao final, desde **Pincelo** ata un pouco antes da ponte. No percorrido, cando cruzamos o **rego de Porto Varela** temos á esquerda, por debaixo do camiño, os restos dun muíño e ao seu carón unha ferverza que se ve desde un pouco máis adiante, mellor cando as árbores están sen follas. Na **Ponte Tide**, pedemos seguir 1 km máis adiante ata **A Veiga** e logo volver para cruzar o río e pasar á beira de O Saviñao. Seguindo a estrada, un algo máis de 3 km, volvemos ao punto de partida.


Esta é unha ruta para facer tendo en conta a hora porque pola mañán o sol ilumina a beira de Chantada e pola tarde a do Saviñao.



O Belesar do Chantada



Ponte Tide entre Chantada e O Saviñao



Ferverza no rego de Couto Varela na Sariña (Chantada)



O Pincelo espellado nas augas do encoro dos Peares



Cruceiro na Veiga



Canón do Miño desde A Veiga (Chantada)



Barca no Pincelo (Chantada)



Belesar (O Saviñao)



O Belesar do Saviñao